

Non hai políticas de emprego dirixidas á mocidade

Nin o Goberno galego nin o Goberno do Estado están a aplicar medida ningunha para fomentar a creación de emprego digno e estábel, senón que poñen en marcha políticas que endurecen as condicións laborais da clase traballadora, abaratan o despedimento e dificultan o acceso ás prestacións.

Están roubándonos o noso futuro como mozas e mozos, e roubando o futuro de Galiza. Debemos mobilizarnos e poñer freo a estas políticas.

**Participa nas concentracións
convocadas diante dos
edificios da Xunta de Galiza o
16 de xaneiro ás 12 horas**

O FUTURO DE GALIZA SOMOS NÓS.

NON Á EMIGRACIÓN DA MOCIDADE!

QUE EMIGRE FEIJOO!

Confederación
Intersindical Galega
www.galizacig.com

O FUTURO DE GALIZA SOMOS NÓS

NON Á EMIGRACIÓN DA MOCIDADE!

QUE EMIGRE
FEIJOO!!

Queremos emprego
para termos futuro



O FUTURO DE GALIZA SOMOS NÓS NON Á EMIGRACIÓN DA MOCIDADE

Máis da metade da mocidade galega estamos en paro

Pese a que Feijoo prometeu na investidura anterior rematar co paro en 40 días, unha lexislatura despois, máis de 20.000 mozos e mozas estamos en situación de desemprego (1 de cada 2 menores de 25 estamos en paro).

Carecemos de cobertura e protección social

Por mor da temporalidade e tipoloxía dos contratos, só un 15% de nós cumprimos os requisitos para acceder a unha prestación por desemprego.

Malia sermos a xeración máis formada da historia de Galiza, non atopamos traballo, polo que nos vemos na obriga de emigrar

Desde o ano pasado, 25.472 mozos e mozas de entre 20 e 34 anos abandonaron Galiza, o cal supón 2.122 ao mes, preto de 70 cada día. Para moitas e moitos de nós, emigrar é a única saída para podermonos independizar. Non imos de vacacións, nin en busca de aventura, emigramos por necesidade.

Carecemos de asistencia sanitaria, ou ben dependemos da cobertura dos nosos pais e nais, ou ben temos que solicitar a tarxeta para persoas sen recursos

Se tedes 26 anos ou máis, e non traballastes, teredes cobertura sanitaria ao serdes beneficiarios ou beneficiarias da tarxeta sanitaria dos vosos proxenitores, máis se o fixestes, e esgotastes as prestacións, entón entraredes na cota de persoas sen recursos, polo que teredes que solicitar a tarxeta da beneficencia.

O vindeiro mercores 16 de xaneiro ás 12 horas a mocidade da CIG imos MANIFESTARNOS fronte ao edificio da Xunta en protesta contra o Goberno do PP, quen, coas súas políticas antisociais, está destruindo o noso futuro:

Non podemos seguir estudando porque as taxas cada vez son máis altas e as bolsas de estudo cada vez máis cativas

A nova política educativa aprobada polo PP crea un sistema elitista que exclúe da educación a clase obreira, aumenta a ratio do alumnado por aula, reduce o profesorado, segrega por sexo, mentres se apoia a centros privados relixiosos.

Uso fraudulento de bolsas para encubrir postos de traballo

Acceder ao mercado laboral supón, en boa parte dos casos, facelo a través de bolsas ou prácticas non laborais nas empresas, unha “contratación sen contrato” de aprendices entre 18 e 25 anos durante 3 e 9 meses. Así, ficamos sen relación laboral, sen dereito a paro, sen cobrar un salario, pero desempeñando as mesmas funcións que calquera traballador e traballadora, a cambio de percibir uns 426€.

E se percibistes contraprestación económica, teredes dereito a cobrar baixa por enfermidade ou a recibir indemnizacións por accidente de traballo, mais non teredes dereito á prestación por desemprego e a recibir indemnizacións do FOGASA.

Se temos emprego é precario: temos menos salarios, padecemos máis temporalidade, despedíennos antes

Connosco parece confirmarse a famosa regra: “último en chegar, primeiro en irse”. Somos os primeiros en ser despedidos e despedidas por ter menos antigüidade, iso, sempre e cando superemos os interminábeis períodos de proba. A meirande parte de nós somos contratados e contratadas baixo a modalidade do contrato para a formación, que supón traballar até os 30 anos por un salario mísero, cun contrato en prácticas de entre 6 meses e 2 anos (durante os 5 anos despois de obter o título), cun contrato a tempo parcial (que vén de modificarse para permitir a realización de horas extras), ou mesmo mediante a realización de traballos sociais sen compensación económica para aqueles e aquelas de vós que cobrades prestación por desemprego.

Non podemos emanciparnos

Con estes salarios, logo de que suprimisen a Renda Básica de Emancipación, e sen investimento en políticas efectivas de alugueiro ou financiamento para a merca dunha casa, é imposible que poidamos independizarnos.

